

O Pacto

Verde

Europeo



O Pacto

Verde

Europeo

Pacto Verde

Europeo

Guía para a cidadanía

ÍNDICE

1

O Pacto Verde Europeo

2

**Que obxectivos persegue
alcanzar o Pacto Verde Europeo?**

3

**Que sectores e ámbitos van ser
clave para alcanzar os obxectivos
propostos?**

4

**Como van financiarse todas as
actuacións necesarias para
alcanzar os obxectivos?**

5

**Onde podo obter máis
información?**

1.

O Pacto Verde Europeo

O agravamento do **cambio climático** e a **degradación do medio ambiente** constitúen sen ningunha dúbida unha das principais ameazas á que se enfrontan Europa e o resto do mundo.

Consciente da magnitude do reto e co obxecto de cumprir co **Acordo de París**¹, a Comisión Europea presentou o pasado mes de decembro de 2019 a **Comunicación sobre o Pacto Verde Europeo** (*European Green Deal*).

O Pacto Verde Europeo establece o camiño que se ha seguir para facer de Europa o primeiro continente climaticamente neutro en 2050, á vez que estimula a economía, mellora a saúde e a calidade de vida da cidadanía e preserva a natureza sen deixar a ninguén atrás. Constitúe sen ningunha dúbida o **plan máis ambicioso da historia en materia ambiental e de sustentabilidade**, tanto polos obxectivos expostos como polo financiamento previsto, e pretende situar a Unión Europea nunha posición de liderado mundial en materia ambiental.

Esta proposta constitúe a resposta europea á **Axenda 2030 e os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS)** expostos por Nacións Unidas.

“O Pacto Verde Europeo é a nosa nova estratexia de crecemento. Contribuirá a reducir as emisións, así como a crear postos de traballo”

Úrsula von der Leyen
Presidenta da Comisión Europea

“O Pacto Verde Europeo é un marco de oportunidades para o emprego, a innovación e a sostibilidade nas zonas rurais»

Teresa Ribera, Ministra para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico

**OBXETIVOS
DE DESENVOLVEMENTO
SOSTIBLE**

¹O Acordo de París é un acordo dentro do marco da Convención Marco das Nacións Unidas sobre o Cambio Climático que establece medidas para a redución das emisións de gases de efecto invernadoiro (GEI). Foi asinado en novembro de 2016 por 55 países. O principal obxectivo deste acordo é evitar que se supere un incremento das temperaturas de 2°C respecto dos niveis preindustriais e promover medidas adicionais que fagan posible que o quecemento global non supere os 1,5°C.

2.

Que obxectivos persegue alcanzar o Pacto Verde Europeo?

O obxectivo máis ambicioso do Pacto Verde Europeo é, sen ningunha dúbida, frear o avance do cambio climático a través de diversos ámbitos de actuación interconectados, contemplando algúns obxectivos moi ambiciosos, por exemplo, a intención de **que Europa sexa climaticamente neutra no ano 2050.**

O concepto de neutralidade climática significa a consecución de emisións de gases de efecto invernadoiro (GEI) netas iguais a cero equilibrando a cantidade de GEI liberados á atmosfera cunha cantidade equivalente retirada da atmosfera ou fixada por vexetación.

Ademais deste ambicioso obxectivo, o Pacto Verde Europeo persegue outros propósitos non menos importantes:

Aínda que o dióxido de Carbono (CO_2) é o máis abundante, outros GEI regulados polo Protocolo de Quioto son o metano (CH_4), óxido de nitróxeno (N_2O), hidrofluorocarbonos (HFC), fluorocarburos (PFC) e hexafluoruro de xofre (SF_6).

1. Protexer a biodiversidade, os ecosistemas, transitar cara a cidades verdes e eliminar a contaminación do aire, a auga e o chan.

2. Impulsar a economía verde, axudando os sectores económicos a converterse en líderes mundiais en produtos e tecnoloxías limpas.

3. Contribuír a garantir unha transición xusta e inclusiva sen deixar a ninguén atrás, é dicir, prestar apoio a aqueles sectores e persoas que se poidan ver afectados negativamente polas políticas e medidas de descarbonización..

4. Impulsar un uso eficiente dos recursos mediante o paso a unha economía limpa e circular.



“A neutralidade climática debe ser un motor para apoiar as nosas empresas e apoiar a nosa transformación económica e social. A axenda climática deberá estar no centro do noso proxecto común.”

Charles Michel, Presidente do Consello Europeo,
13 de maio de 2020

3.

Que sectores e ámbitos van ser clave para alcanzar os obxectivos propostos?

O Pacto Verde Europeo fai especial fincapé na necesidade de aplicar un enfoque integral no que todas as actuacións e políticas da UE contribúan cos seus obxectivos. Para iso, desde o seu anuncio, a Comisión Europea puxo en marcha diversas iniciativas que abarcan toda unha serie de ámbitos de actuación, como o clima, o medio ambiente, a enerxía, o transporte, a industria e a agricultura, todos eles estreitamente interconectados.

3.1.

Enerxía limpa, alcanzable e segura

Continuar reduciendo as emisións contaminantes asociadas á produción de enerxía é esencial para a consecución da neutralidade climática que se expón no Pacto Verde Europeo. Conseguir un despregue masivo do parque de

xeración renovable dirixido ao desenvolvemento de enerxía renovable constitúe, polo tanto, un aspecto fundamental para frear o cambio climático.

A produción e o uso de enerxía representan máis do 75% das emisións de gases de efecto invernadoiro da UE.

No ano 2019 unicamente o 18,4% do consumo final bruto de enerxía de España procedeu de fontes renovables.

Transformación da economía da UE con miras a un futuro sostible

Mobilización da investigación e fomento da innovación

Un maior nivel de ambición climática da UE para 2030 e 2050

Subministración de enerxía limpa alcanzable e segura.

Mobilización da industria en prol dunha economía limpa e circular

Uso eficiente da enerxía e o recurso na construción e a renovación

Financiamento da transición
A UE como líder mundial

Pacto Verde Europeo

Cara a unha contaminación cero nunha contorna sen substancias tóxicas

Preservación e restablecemento dos ecosistemas e a biodiversidade

“Da granxa á mesa”: un sistema alimentario xusto, saudable e respectuoso co medio ambiente

Acelerar a transición a unha mobilidade sostible e intelixente

Que ninguén quede atrás (Transición Xusta)
Pacto Europeo polo clima

PRINCIPIOS CLAVE

Dar prioridade á eficiencia enerxética e desenvolver un sector eléctrico baseado en gran medida en fontes renovables



Unha subministración enerxética segura e alcanzable para a UE



Un mercado da enerxía da UE plenamente integrado, interconectado e dixitalizado



QUE MEDIDAS SE VAN IMPLEMENTAR?

- Interconectar os sistemas enerxéticos e conectar e integrar mellor as fontes de **enerxía renovables** á rede.
- **Descarbonizar o sector do gas** e fomentar a integración intelixente en todos os sectores.
- Capacitar os consumidores e axudar a combater a **pobreza enerxética**.
- Desenvolver todo o potencial da **enerxía eólica mariña** en Europa.

3.2. Transformación verde da industria

O desenvolvemento industrial xera benestar e amplas posibilidades de innovación tecnolóxica e social. Con todo, resulta cada vez máis evidente que os sistemas de produción e os niveis de consumo do mundo desenvolvido contribúen ao rápido esgotamento dos recursos, a degradación dos ecosistemas e a ameaza do cambio climático.

A consecución dos obxectivos climáticos e ambientais da UE require dunha nova política industrial baseada na economía circular.

A economía circular é un modelo de produción e consumo que implica compartir, alugar, reutilizar, reparar, renovar e reciclar materiais e produtos existentes, todas as veces que sexa posible, para crear un valor engadido. Desta forma, o ciclo de vida dos produtos esténdese.

**Só o 12% dos
materiais utilizados pola
industria da UE
procede da reciclaxe.**

**Entre 1970 e 2017, a
extracción anual global
de materiais triplicouse, e
segue medrando.**

PRINCIPIOS CLAVE

Dixitalización
da
industria



Transición
ecolóxica e
economía
circular



Competitividade



QUE MEDIDAS SE VAN IMPLEMENTAR?

■ Estratexia Industrial Europea:

- Lograr que as empresas europeas leven a cabo a súa transición ecolóxica de forma competitiva.
- Alcanzar a neutralidade climática pero tamén o liderado dixital.

■ Plan de Acción para a Economía Circular:

- Iniciativas para transformar a economía de modo que se fabriquen produtos sostibles que duren máis e sexan máis sinxelos de reutilizar ou reciclar.
- Os esforzos céntranse, en primeiro lugar, en sectores intensivos en recursos, tales como o téxtil, a construción, a electrónica e a produción de plásticos.

3.3.

Construción e edificios eficientes enerxeticamente

A construción, o uso e a renovación de edificios requiren cantidades considerables de enerxía e recursos. Este sector constitúe unha actividade clave na loita contra o quecemento global, sendo imprescindible promover novas formas de construción máis limpas e edificios capaces de reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro.

Os edificios representan
o 40% da enerxía
consumida.


50 millóns de consumidores
da Unión Europea teñen
dificultades para quantar
convenientemente
os seus fogares.

PRINCIPIOS CLAVE

Edificios
eficientes



Renovación e
rehabilitación



Edificios
intelixentes



QUE MEDIDAS SE VAN IMPLEMENTAR?

- Renovación de edificios públicos e privados, con especial atención a vivendas sociais, escolas e hospitais.
- Mellorar a protección dos edificios contra o cambio climático.
- Incentivar a construción de edificios eficientes e intelixentes.
- Potenciar a economía circular para que sexa unha parte do deseño dos edificios.

3.4. Mobilidade sostible e intelixente

O transporte é un dos sectores onde máis rápido crecen as emisións de gases de efecto invernadoiro. E as previsións apuntan a que en breve será o sector que máis contribúa ao cambio climático.

O transporte representa a cuarta parte das emisións de gases do efecto invernadoiro da Unión Europea, e vai en aumento.

Pacto Verde Europeo busca reducir estas emisións ao 90% de aquí a 2050

PRINCIPIOS CLAVE

Aposta polo
ferrocarril



Mobilidade
eléctrica



Sistemas
intelixentes de
xestión do
tráfico



QUE MEDIDAS SE VAN IMPLEMENTAR?

- Impulsar a subministración de combustibles alternativos sostibles para o transporte.
- Ampliar a rede de puntos de recarga de vehículos eléctricos.
- Impulsar a mobilidade automatizada e os sistemas intelixentes de xestión do tráfico.
- Apostar polo transporte de mercancías por ferrocarril ou vías navegables.
- Reducir a contaminación nos portos.
- Mellorar a calidade do aire nas inmediacións dos aeroportos.

3.5.

Sistema alimentario xusto, saudable e respectuoso co medio ambiente

Os alimentos europeos deben seguir sendo seguros, nutritivos e de alta calidade e han de producirse cun impacto mínimo sobre a natureza. Para alcanzar estes obxectivos en 2020 preséntase a estratexia **“Da granxa á mesa”** que establece medidas para crear sistemas intelixentes e máis eficientes desde o punto de vista climático que proporcionen alimentos saudables e garantan, ao mesmo tempo, unha vida digna aos agricultores e pescadores da UE.

Esta estratexia ten por obxecto recompensar os agricultores, pescadores e outros operadores da cadea alimentaria que xa superen a transición cara a prácticas sostibles, facilitar a transición para os demais e crear oportunidades adicionais para as súas empresas o que redundará na mellora da rendibilidade do sector primario e nun maior atractivo das zonas rurais, o que contribuirá a **loitar contra a despoboación**.

O uso de praguicidas químicos na agricultura contribúe á contaminación do chan, a auga e o aire, e á perda de biodiversidade.

Actualmente desaprovéitase ao redor do 20% dos alimentos producidos.

PRINCIPIOS CLAVE

Garantir que os europeos dispoñan de alimentos asequibles e sostibles



Combater o cambio climático



Protexer o medio ambiente



Preservar a biodiversidade



Fomentar a agricultura ecolóxica



QUE MEDIDAS SE VAN IMPLEMENTAR?

- Reducir significativamente a dependencia, o risco e o uso dos praguicidas químicos, así como dos fertilizantes e antibióticos.
- Fomentar a agricultura ecolóxica, a agroecoloxía e a agrosilvicultura.
- Impulsar a etiquetaxe dos alimentos que capacite os consumidores para que elixan dietas saudables e sostibles (consumo sostible).
- Intensificar a loita contra o desperdicio de alimentos.

3.6.

Preservación e restablecemento dos ecosistemas e a biodiversidade

Estreitamente ligado ao desenvolvemento dun sistema alimentario sostible e xusto está a preservación e a defensa da biodiversidade e os ecosistemas. A Comisión adoptou en maio de 2020 a **Estratexia da UE sobre Biodiversidade para 2030** que ten por obxecto ir recuperando a biodiversidade de Europa de aquí a 2030, en beneficio das persoas, o clima e o planeta.

Mellorar a biodiversidade reforzará a resiliencia das zonas rurais fronte ao cambio climático e, ao mesmo tempo, **creará postos de traballo**, por exemplo, nos sectores da agricultura ecolóxica, o turismo rural ou o lecer.

Máis do 75% dos distintos tipos de cultivos alimentarios no mundo depende da polinización animal.

Nas últimas catro décadas, a poboación mundial de especies silvestres reduciuse un 60% como consecuencia das actividades humanas.

PRINCIPIOS CLAVE

Incrementar a superficie de zonas protexidas



Restaurar os ecosistemas mariños e terrestres degradados



QUE MEDIDAS SE VAN IMPLEMENTAR?

- Conferir protección xurídica ao 30 % da superficie terrestre e ao 30 % da mariña da UE.
- Aumentar a cantidade de bosques e reforzar a súa saúde e resiliencia.
- Recuperar os ecosistemas de auga doce e os mariños.
- Ecoloxizar as zonas urbanas e periurbanas.
- Loita contra as especies exóticas invasoras.

4.

Como se van financiar todas as actuacións necesarias para alcanzar os obxectivos?

Para facer realidade as aspiracións do Pacto Verde Europeo resulta necesario un investimento considerable. A Comisión calculou que alcanzar os obxectivos actuais en materia de clima e enerxía para 2030 requirirá 260.000 millóns de euros de investimento anual adicional. A magnitude do investimento necesario require mobilizar, tanto ao sector público como ao privado.

Para iso a Comisión Europea deseñou un **Plan de Inversións para unha Europa Sostible** que posibilitará a transición cara a unha economía verde e climaticamente neutra a través da mobilización de, como **mínimo, 1 billón de euros en investimentos sostibles** durante a próxima década con cargo ao orzamento da UE.

Plan de Inversión para una Europa Sostenible

Por que

O Pacto Verde Europeo: unha nova estratexia de crecemento para transformar a UE nunha sociedade equitativa e próspera, cunha economía moderna, eficiente na utilización dos recursos e competitiva.

Que

Investimento necesario:

260.000 mill EUR adicionais ao ano para os obxectivos climáticos e enerxéticos de 2030.

Necesidades adicionais para os obxectivos ambientais e a transición social. Crear unha reserva de proxectos sostibles.

Facilitar

Unha estratexia de financiamento sostible e unha taxonomía renovadas.

- Que o investimento público faga a súa parte (incluídos os orzamentos nacionais)
- Políticas públicas incentivadoras (Semestre Europeo)
- Visibilizar o impacto sostible (verificación da sustentabilidade, presupostación verde)

Quen

Sector privado

Presuposto UE

Orzamentos nacionais

Como

Financiar

- 1 billón en investimentos
- Un mínimo do 25% do orzamento da UE que contribúa ao investimento climático
- Garantías InvestEU para reducir o risco no investimento privado sostible
- O BEI como banco climático

Executar

- Apoio aos poderes públicos en materia de planificación e execución
- Apoio aos promotores de proxectos.
- Creación de vínculos entre investidores e promotores de proxectos.

... e non deixar a ninguén atrás: **Mecanismo para unha Transición Xusta**

5.

Onde podo obter máis información?

COMISIÓN EUROPEA
Pacto Verde Europeo

https://ec.europa.eu/info/strategy/priorities-2019-2024/european-green-deal_es



DIPUTACIÓ
D
E
CASTELLÓ



Proxecto financiado
pola Unión Europea



EUROPE DIRECT
Castelló



EUROPE DIRECT
Donostia
San Sebastián



EUROPE DIRECT
Maestrazgo



EUROPE DIRECT
Cudad Real



EUROPE DIRECT
A Coruña

#MiPactoVerdeEU



Deputación
DA CORUÑA

Esta guía foi traducida ao galego
pola Deputación provincial da Coruña